

ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

Resolución do 13 de xullo de 2004 pola que se aproba o Plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Rianxo (A Coruña).

O ente público Portos de Galicia, en cumprimento do artigo 96 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e prestación de servizos nos portos de interese xeral, e do artigo 19.º da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, redactou o Plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Rianxo (A Coruña), en maio de 2003.

Segundo o previsto na lexislación vixente, o citado plan foi tramitado polo ente público Portos de Galicia. Como resultado da tramitación do expediente, o Plan de utilización do porto de Rianxo foi modificado en marzo de 2004.

En reunión do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, realizada o día 1 de abril de 2004, e en cumprimento do disposto no artigo 13 e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do ente público Portos de Galicia, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e co artigo 96 da Lei 48/2003, de réxime económico e de prestación de servizos nos portos de interese xeral, acordouse darlle conformidade ao Plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Rianxo, así como elevalo e propolo para a súa aprobación.

Tendo en conta as consideracións efectuadas polo Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda efectuada no informe recibido o 14 de maio de 2004, en data posterior á da realización do mencionado consello de administración, no sentido da necesidade de cambiar a denominación da zona náutico-recreativa pola de náutico-deportiva, así como de incluír a vía completa de acceso ao porto na zona cualificada como de infraestruturas básicas portuarias, modificacións que foron efectuadas no plan de utilización aprobado, dando como resultado unha nova e definitiva redacción do mesmo de data xuño de 2004.

Tendo en conta que os cambios indicados no informe da Dirección Xeral de Urbanismo supoñen simples correccións de orden nominal e sistemática e que non representan ningunha alteración dos usos previstos no plan de utilización que o Consello de Administración de Portos de Galicia propuxo para a súa aprobación.

Visto o expediente e o informe proposta do técnico da Área de Explotación e Planificación de Portos de Galicia, así como o acordo do Consello de Administración do ente público dando a conformidade ao Plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Rianxo e acordando elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

O presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, conferida por Orde do 21 de novembro de 2002,

RESOLVE:

Aprobar o Plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Rianxo (A Coruña), redactado en xuño de 2004 pola enxeñeira de camiños, canles e portos Guiomar Cabezas Martínez e pola enxeñeira directora Ana Isabel Calzadilla Bouzón.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2004.

Carlos Negreira Souto

Presidente do ente público Portos de Galicia

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 1 de outubro de 2004 pola que se convoca o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración especial da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 27 da Lei 4/1988, da función pública de Galicia, o concurso constitúe o sistema normal de provisión de postos de traballo vacantes na Administración.

Esta consellería, de conformidade co establecido na citada lei, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e demais normas concordantes, acorda convocar este concurso de méritos para a provisión dos postos de traballo vacantes e dotados orzamentariamente que se relacionan no anexo I desta orde de conformidade coas seguintes bases:

I. Requisitos de participación.

I.1. Só poderán participar neste concurso os funcionarios/as dos corpos da Administración especial da Xunta de Galicia así como os funcionarios/as da Administración especial doutras administracións públicas, agás o corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de veterinarios e as escalas de veterinarios ou análogas doutras administracións públicas, que reúnan os requisitos exixidos para desempeñar os postos aos que se opta conforme o especificado en cada caso no anexo I desta convocatoria. Non poderán participar aqueles funcionarios/as que leven menos de dous anos desempeñando un posto definitivo obtido por concurso, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, nin tampouco aqueles outros en destino provisional como consecuencia da resolución dos procesos selectivos